

# **Procedementos, instrumentos e criterios sobre a avaliación**

## **ESO:**

A avaliación dos alumnos realizarase a través das probas de avaliación escritas e da avaliación do traballo competencial e dos estándares de aprendizaxe.

Realizaranse, cando menos, dúas probas escritas por avaliación. Da súa media, complementada coa actitude, o interese e o traballo dos alumnos e das alumnas, sairá a nota de cada avaliación. Se un alumno ou unha alumna tivese unha avaliación suspensa, a primeira ou a segunda, poderá recuperala nas seguintes. Se a final de curso un alumno tivese dúas ou tres avaliacións suspensas ou a terceira avaliación, realizaría un exame de recuperación de todo o curso.

A nota final de curso sairá da media das notas alcanzadas nas tres avaliacións precedentes.

Aqueles alumnos que non superasen o curso na avaliación ordinaria, realizarán unha proba extraordinaria en setembro, na que se avaliarán, como na proba ordinaria de xuño, os criterios mínimos para a superación da materia.

É imprescindible para a superación das distintas avaliacións a realización por parte dos alumnos e alumnas dos traballos e tarefas propostos ó longo do curso, así como a lectura dos libros propostos polo departamento como obrigatorios.

Ó respecto dos libros de lectura o departamento establecerá, cando menos, dous libros de lectura ó longo do curso, segundo o desenvolvemento da programación o aconselle.

## **BAC:**

A avaliación dos alumnos realizarase a través das probas de avaliación escritas e da avaliación do traballo competencial e dos estándares de aprendizaxe.

Realizaranse, cando menos, unha proba escrita por avaliación. Da súa media, complementada coa actitude, o interese e o traballo dos alumnos e das alumnas, sairá a nota de cada avaliación. Se un alumno ou unha alumna tivese unha avaliación suspensa poderá recuperala nas seguintes. Se a final de curso un alumno tivese dúas ou tres avaliacións suspensas ou a última avaliación, realizaría un exame de recuperación de todo o curso. De non superalo, tería dereito a una avaliación extraordinaria en setembro.

Polo que se refire á estrutura concreta destas probas escritas, para primeiro de BAC carécese até o momento de orientacións sobre a proba finalista de bacharelato. Dado que os contidos, con mínimas variacións, seguen a ser os mesmos que os de anos anteriores, o departamento inclínase por continuar co esquema de probas vixente até este momento. Así, en primeiro de BAC, o exame incluírá preguntas sobre un texto, cuestións de gramática, e unha pregunta de historia da literatura e outra de historia da lingua ou sociolingüística.

É imprescindible para a superación das distintas avaliacións a realización por parte dos alumnos e alumnas dos traballos e tarefas propostos ó longo do curso, así como a lectura dos libros/textos propostos polo departamento como obrigatorios.

Con respecto ós libros ou textos de lectura, o departamento propoñerá libros ou textos de lectura relacionados cos períodos literarios a tratar neste curso: a literatura medieval na primeira avaliación, os Séculos Escuros na segunda avaliación e o Rexurdimento na terceira avaliación.

Se algún alumno de bacharelato perdese, despois dos procedementos correspondentes, o dereito á avaliación continua, aínda que pode seguir asistindo a clase, decaería no seu dereito de avaliación parciais, tendo que realizar un exame final ordinario e, no seu caso, extraordinario. Eses exames serán os mesmos que os finais de recuperación de toda a materia ( ordinario e extraordinario) fixados para todos os alumnos.